

N. Expediente: 54/2023
Serie documental: Expediente de concursos
Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos
Cód. SIA: 1665918
Documento: Decreto da Alcaldía

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por Decreto da Alcaldía 2022-0213, de data 27 de maio de 2022, aprobouse a oferta excepcional de Emprego Público do Concello de Meis para a estabilización de emprego temporal de longa duración, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Dita oferta excepcional de Emprego Público, aprobada por Decreto da alcaldía 2022-0213, foi publicada no BOPPO nº 103 e no DOG nº 116.

Por Decreto de Alcaldía 2022-0665, do 15 de decembro de 2022, aprobáronse as bases xerais e específicas polas que se rexen os procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de Emprego Público do Concello de Meis para a estabilización do emprego temporal de longa duración.

As bases publicáronse no Boletín Oficial de Pontevedra de data 27/12/2022 e o seu extracto no DOGA de data 27/12/2022 e no BOE de data 18/01/2023.

Rematado o proceso selectivo, os Tribunais cualificadores emitiron proposta de aprobación dos resultados provisionais, de conformidade coa Base 8ª das Bases Xerais pola que se rexen os procesos selectivos, dispoñendo a súa publicación no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica deste Concello, indicando que as persoas aspirantes poderían presentar reclamacións ante o propio órgano de selección dentro do prazo improrrogable de cinco días hábiles, a contar desde o día seguinte á publicación.

As prazas cualificadas e publicadas son:

CATEGORÍA LABORAL	GRUPO DE CLASIFICACIÓN	VACANTES
ARQUITECTO/A	I	1
ASESOR/A XURÍDICO/A	I	1

Con relación a praza de ASESOR/A XURÍDICO/A consta no expediente administrativo escrito de demanda relativo a impugnación do proceso selectivo presentado por D. Rafael Riveiro Álvarez no Xulgado do Social número 4 de Pontevedra (Procedemento Ordinario 55/2024) na que suplica que se anule a Resolución de Alcaldía de 21/02/2023 desestimatoria do recurso de reposición formulado polo demandante fronte a convocatoria e as bases xerais e específicas do proceso selectivo para cubrir as prazas incluídas na OEP para estabilización de emprego temporal no Concello de Meis. Do escrito da demanda presentado non se desprende en ningún momento a solicitude de suspensión cautelar da execución do acto administrativo que se impugna.



Consta tamén no expediente recurso de alzada presentado por D. Rafael Riveiro Álvarez, con nº de rexistro 2024-E-RE-431 e data 17/04/2024 contra a acta do tribunal cualificador, de data 15 de marzo de 2024, pola que se resolvían as alegacións presentadas fronte a cualificación provisional no proceso selectivo para a estabilización da praza de asesor/a xurídico/a, Grupo I, incluída na oferta extraordinaria de emprego público 2022, ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Recurso de alzada que foi desestimado por Resolución de Alcaldía número 2024-0219, de 29 de abril de 2024 con fundamento no informe do Tribunal cualificador.

Considerando que nos atopamos neste caso ante un proceso selectivo concluído, cumpre sinalar que existe un criterio xurisprudencial asentado de que, desde a presentación das instancias, existe un verdadeiro dereito a favor dos aspirantes que as presentaron, polo que non cabe outra opción que executar o proceso selectivo tal como está exposto ata a súa finalización, pois no caso de que se anulase sen existir causa legal de nulidade, estaríase a actuar en contra dos intereses lexítimos dos aspirantes que xa presentasen as súas solicitudes. Neste sentido, o Tribunal Supremo, en Sentenza do 8 de febreiro de 2011 (Recurso 503/2008), mantivo: «...pode sosterse que a aprobación pola Corporación Local do procedemento para a cobertura dunha praza e a publicación das bases polas que ha de rexerse constitúe despois de comezado o prazo de presentación de solicitudes un acto declarativo de dereitos a favor de todos aqueles interesados que presentando as súas solicitudes reúnan os requisitos para tomar parte no procedemento, e iso, sen necesidade de que a Administración se pronuncie sobre a admisión ou non dos interesados».

Considerando que a Administración non pode ir en contra dos seus propios actos, como así o manifestou a doutrina xurisprudencial chamada dos «actos propios», que supón a imposibilidade de que a Administración, unha vez adoptado un acordo, poida despois ter comportamento contraditorio co mesmo, o que atopa o seu fundamento último na protección que obxectivamente require a confianza que fundamentalmente se pode depositar no comportamento alleo e a regra da boa fe que impón o deber de coherencia no comportamento e limita por iso o exercicio dos dereitos obxectivos (STC 73/1988, do 21 de abril).

Por tanto, os acordos que xeran dereitos a terceiros, unha vez aprobados polos órganos competentes, son válidos e deben ser aplicados, vinculando á propia administración que os adoptou, sendo a única forma de poder inapicalos, que sexan anulados, para o que deben incorrer nalguna causa de nulidade, e ser declarados lesivos e impugnados ante os tribunais. En caso contrario, a actuación da administración en contra dos seus propios actos, constituiría un incumprimento do ordenamento xurídico que pode dar lugar á impugnación por vía administrativa ou xudicial e dar lugar á anulación dos actos e acordos adoptados.

En conclusión, á vista de canto antecede, xa rematado o proceso selectivo para a estabilización da praza de ASESOR/A XURÍDICO/A e tendo en conta que a falta de execución do acto que propón o nomeamento por parte do Tribunal cualificador podería implicar a vulneración dos dereitos xurdidos a favor do aspirante que superou o mesmo, ao non existir causa legal de nulidade nin acordarse a suspensión cautelar por parte do Xulgado do Social de Pontevedra, procede efectuar nomeamento a favor do aspirante D. Pedro Manuel Pérez Vázquez.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os artigos 21.1.h) e 102.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 136 do Real



Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e o artigo 41.14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar os resultados definitivos do proceso selectivo para a estabilización de emprego temporal de longa duración, ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

SEGUNDO.- Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación como persoal laboral fixo aos seguintes candidatos/as en cada unha das prazas convocadas:

PRAZA	GRUPO	NOME E APELIDOS	DNI
ARQUITECTO/A	I	Daniel Alejandro Rubio Pérez	***1433**
ASESOR/A XURÍDICO/A	I	Pedro Manuel Pérez Vázquez	***6500**

TERCEIRO.- Contratar como persoal laboral fixo do Concello de Meis ás persoas relacionadas anteriormente, con efectos 1 de xuño de 2024, para ocupar os postos de traballo vacantes na plantilla de persoal laboral do Concello de Meis ao amparo do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

CUARTO.- A Base 9ª da convocatoria fai referencia a que desde a comunicación aos interesados, haberá un prazo de 20 días naturais para presentar documentación. Por tratarse de persoas que xa están contratadas polo Concello de Meis, non será preciso que presenten a documentación que figura na citada base.

QUINTO.- Publicar o contido desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (<https://meis.sedelectronica.gal>) e, de maneira complementaria, na páxina Web.

SEXTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SÉPTIMO.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa poderán os interesados formalizar demanda, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Social de Pontevedra ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, á que acompañarán copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición ou resolución do recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo iso para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social.

Así mesmo poderase interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

